



# TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA











# TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA

N.º 8 | OUTUBRE 2017

© dos textos: os autores

© da edición: Conseyeiría d'Educación y Cultura

EDITA: Goberno de Principao d'Asturias  
Conseyeiría d'Educación y Cultura

PROMOVE: Conseyeiría d'Educación y Cultura

COORDINA: Xosé Miguel Suárez Fernández

CONSEYO DE REDACCIÓN: Aurora García Rivas,  
Miguel Rodríguez Monteavaro, Xosé Miguel Suárez  
Fernández.

FOTOGRAFÍAS: Alberto Fernández de la Torre.

*Fiyo d'Antonio, fundador de Foto Antonio, na Veiga, a Alberto Fernández de la Torre nun podía máis que gustar y el mundo da fotografía. Con sou padre empezou a aprender el oficio, botando úa mao na tenda. Nel ano 2013 féxose cargo del negocio, unde hoi sigue trabayando y aprendendo.*

DISEÑO ORIXINAL: Mercedes Piñera

MAQUETACIÓN: Eduardo Carruébano

Depósito de Llei: As-4.144-2008

IMPRESIÓN: Gráficas EUJOA

EXEMPLAR DE BALDRE



## Sumario

- 7 Presentación
- 9 *¿Mataría a daquén?* Benxamín Méndez [NARRACIÓN]
- 13 *Poesía.* Ana Vega [POESÍA]
- 15 *¡Qué ben!* Félix Ferreiro [NARRACIÓN]
- 21 *Ferramentas.* Lucía Iglesias [POESÍA]
- 25 *Poesía.* Aurora Bermúdez Nava [POESÍA]
- 33 *Un caso singular.* Andrea González González [NARRACIÓN]
- 37 *Poesía.* María Teresa López [POESÍA]
- 41 *Historia d'un hora.* Kate Chopin [TRADUCCIÓN]
- [RESEÑAS]
- 47 *De volta al Mourén,* José Antonio Fernández Vior  
[*Mourén dos fondaes / Penumbra de las hondonadas*, de Fredo de Carbexe]
- 51 *Femenino plural,* Ruth González Rodríguez  
[*Escritores asturianos. Antoloxía de textos n'asturianu y gallego-asturianu*, de VV. AA.]
- 55 *De queimar, miyor nun falar,* Vanessa Pérez Villarmarzo  
[*Un tronquín bulliceo. Tempo de Navidá*, de Víctor Raúl Pintado Rey]





GENARO ALONSO MEGIDO  
*Consejeiro d'Educación y Cultura*

Neste mes d'outubre fai nove anos que *Trabatel* botóu a andar. Presentóuse na Veiga nel I Encontro d'Escritores en Gallego-Asturiano qu'amañóu a entoncias Consejeiría de Cultura. Nove anos y oito revistas. 55 colaboracións en prosa ou en verso de 40 autores, 42 reseñas de novidades en gallego-asturiano feitas por 18 reseñadores, oito traducións d'outras llinguas...

Se botamos a vista atrás, hai que reconocer que detrás d'estos números hai un milagre: el d'úa llingua que, a pesar das dificultades evidentes, quer seguir viva col axuda dos seus escritores y escritoras. En cada creación inédita que ve a luz en *Trabatel* bulliga el llatido d'úa xente que s'espresa y fai lliteratura na llingua del extremo occidental d'Asturias. Por eso é indispensable qu'haxa revistas como esta, pra dar el acoyida que merece a voz lliteraria en gallego-asturiano.

Hai nesta entrega da publicación xente máis veterana y xente máis nova, xente máis conocida y xente qu'empieza agora. Nun podo deixar de destacar a presenza maioritaria d'autoras entre as colaboracións d'este número. É un sinal de normalidá nun campo creativo nel qu'hasta nun hai moitas décadas cuasamente nun había presenza feminina.

A revista, cuas imaxes suxerentes del fotógrafo veigueño Alberto Fernández de la Torre, ábrenos as portas da imaxinación y llévanos dacondo al paisaxe sentimental del occidente, ese que s'entende miyor cuas palabras que sempre valiron pra nombrallo. Pro, como toda lliteratura, tamén aspira a entreternos, a emocionarnos, a axudarnos a conocer a realidá y, quén sabe, a conocernos miyor a nosoutros. Escritoras y escritores eonaviegos bríndannos as súas creacións. É úa búa oportunidade pra conocellos.





## ¿Mataría a daquén?



BENXAMÍN MÉNDEZ (CARTAVIO, 1957) É XEÓGRAFO DE FORMACIÓN Y TEN BEN PUBLICACIÓIS SOBRE A MATERIA. NUN É NOVO ESCRIBINDO EN GALLEGO-ASTURIANO, ANQUE SEMPRE SE CENTRARA NEL ENSAYO: DENDE QU'ABRIRA EL CAMÍN EN 1996 XA NEL PRIMEIRO NÚMERO DA REVISTA *Entrambasaguas* CON UN ARTÍCULO SOBRE ARQUITECTURA TRADICIONAL, VERON DESPÓIS OUTROS SOBRE HISTORIA, DEMOGRAFÍA, POBLAMENTO OU MEDRÍA LOCAL, DALGÚS D'ELLOS D'EMPARZAO COL SOU AMIGO FREDO DE CARBEXE. PRO A CREACIÓN LLITERARIA ERA DAQUÉ QUE YE CHAMABA DENDE SEMPRE Y NUN HAI MUITO ANIMÓUSE A PUBLICAR EL MICRORRELATO «BRAMIDOS», NEL VOLUME COLECTIVO *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016). AGORA VOLVE Y TRAINOS UN CONTO UNDE EL AMBIENTE Y AS ANÉCDOTAS D'UN MUNDO QUE CONOCE BEN VÁLENYE PRA CONSTRUÍR ÚA HISTORIA INQUIETANTE.

BENXAMÍN MÉNDEZ

Fora úa mañá de brao d'esas, ralas, de sol picón. Axina empezaran a levantarse as nubres de torbón por detrás da serra. As bolas contaban abondas hestorias de medo das torbuadas: úa muyer asomada na porta da casa, arrimada na foya de baxo, que morrera al cayerye un rayo; media docía de vacas mortas na mesma cuadra; úa rapaza y úa vaca matadas condo taban chegando a casa; un rayo qu'entrara polla ventá da cocía y anduvérala pollos cables da lluz, quedando a tela que los vestía queimada; el cheiror a sufre (y al mesmo demo, que dicían que cheiraba igual) condo os rayos cayían cerca (aunque máis ben fose a ozono); el chasquido col rellustro, como se fundisen as bombillas, hasta nas casas unde inda nun había electricidá... Pra escorrentar el medo daban tamén dalgús romedios: había que quitar os plomos (a lluz de seguro que s'iba antes, a miudo sin falta de torbón), pechar as ventás y as portas, y rezarye a Santa Bárbara pra que «guardase pan y vino y a xente de peligro»; se cuadraba, queimar lloureiro bendito pr'escorrer el torbón. Así y todo, pasando muito medo mesturao coas bromas de qu'andaban revolvendo as patacas nel desván ou que taban xugando a os bolos enriba, nun quedaba máis qu'esperar a qu'el trono fose separándose del rellustro, seña de qu'a torbuada taba cada vez máis llonxe...

El neno, d'oito anos, era enredador de máis pra parar na sesta. Però xa aprendera que pra llibrarse de dúas búas cachuadas tía qu'ir prá cama despós de xantar. Allí esperaba a ouguir os ronquidos de sou bolo nel cuartón d'al llao. Entoncias sacudía al sou ermao pra que se levantase a xugar con él... Aquella tarde erguéuse solo, con bon cuidao de nun fer ruido, despós de qu'el ermao, abondo cansao de mover herba seca, nun ye fixera nin caso... Como namáis s'ouguía algún qu'outro estumbeirido llonxe, nin botóu conta dos consejos sobre el torbón. Taba asomao á porta del payar que taba derriba da cuadra, unde tuvera esa mesma mañá acalcañando el última herba seca, qu'os grandes apurrían dende el carro á soleira y dende ella pral montón. Y ben que gozara antias brincando derriba da carga y despós encima del herba, coa novedá de qu'ese día chegaba a tocar os pontoncillos coas maos porque el payar taba xa chen. Entoncias, un estoupido piyóulo de





sutaque, el rellustro deixóulo cego, trebóu muito máis que condo tocara aquel cable da luz medio pelao; cayéu sin sentido d'espaldas nel herba, repelón, tiznao...

Aquel estoupido erguéu da sesta a toda a contornada. Agora si despertóu el ermao, y toda a casarada. El cheiror del torbón fíxoyes pensar en dalgúa desgracia. Menudiaron os que pensaron que podera matar a daqué. Axina botaron de falta al pequeno. Empezaron a buscallo aventaos. As vacas taban todas ben, aunque nun paraban nas prisióis. Un regueiro mouro na parede da cuadra levóu á bola hasta el payar; el berrido que deu ouguíuse en todo el lugar. Había que chamar al cura deseguida. Col acelero nin ye topaban el pulso al neno... Dolo; buscar úa caxa branca; llevar el aviso a os parentes; muito chorar; muito acelero; axina trouxo a caxa el vecín na camioneta; descoser el traxe da comunión polla espalda pra que ye coupese; zapatos nun ye feirían falta, anque tampouco ye valían xa; velorio con anís de guindas; iba tar ben guapo se nun fora pol gadeyo chamuscao; pouco dormir; rezos y maldicióis; daqué tería a culpa d'aquella desgracia; tía que ser un castigo de Deus...

Xa pasara un día. ¿Despertóu? Non tan de sutaque como perdera el sentido, volvéu en si, anque nun sabía únde taba. Abríu os oyos pero nun se vía nada; dormindo nun taba; a cama, ou lo que fose, balanciábase. Empezóu a ouguir xente como se chorase ou rezase; hasta ye parecía que tocaban as campás da igresia. Como ye cheiraba a queimao, pensóu se taría nel inferno. Nun podía moverse; tampouco ye salíu a voz condo quixo dar un berrido; con muito trabayo puido mover un dido...







ANA VEGA (UVIÉU, 1977) VOLVE ÁS PÁXINAS DE *Trabatel* SEIS ANOS DESPÓIS, DENDE QUE NEL N.º 3 DA REVISTA (2011) PUBLICARA CUATRO POEMAS QUE FORON COMO A SEMENTE D'Al *xeito del tambor* (TRABE, 2013), EL SOU PRIMEIRO POEMARIO —Y DE MOMENTO ÚNICO— EN GALLEGO-ASTURIANO. PRECISAMENTE D'ESTA OBRA ESCOYÉU UN POEMA PRAL LLIBRO *Escritores asturianos. Antoloxía de textos n'asturianu y gallego-asturianu* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016). ANA VEGA SEGUÍU DANDO A CONOCER DE RALO EN RALO OS SOUS VERSOS EN GALLEGO-ASTURIANO NA REVISTA *Lliteratura* (2016 Y 2017). NUNCA PUBLICARA MIGA EN PROSA NA LINGUA DA SÚA CASA, HASTA EL SOU MICRORRELATO «Á NENA», QU'APARECE NEL VOLUME COLECTIVO *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016). AGORA DÁYE VOLTAS AL IDEA DE SACAR UN LLIBRO NOVO DE POEMAS. PODE QUE DALGÚS D'ELLOS SÍAN ESTOS.

Nun sei qué fer coas maos.  
 Teño medo de romper  
 un xeito de ser  
 se escribo esto que penso,  
 que sinto,  
 como se naide xa me podera  
 entender  
 porque tou mui llonxe  
 da mía casa:  
 as maos da nena  
 tirando pedras  
 pra fer ondas  
 nel río de Sueiro.  
 Esas maos  
 nada se parecen  
 a estas outras.  
 Teño medo...

Inda podo dicir:  
a terra.  
Y tamén:  
el mar.  
Pro nun sei xa cómo dicir:  
a casa.  
Perdín as palabras  
máis importantes pra min  
y agora teño qu'escibillas  
na terra d'asfalto.





Nun podo recordar ben  
a voz de meu bolo  
pro sinto al recordallo  
un dolor pequeno  
que me fai despertar del todo.  
Al recordallo  
eu teño  
qu'enfrentarme  
a min...







¡Qué ben!



A LLITERATURA EN GALLEGO-ASTURIANO TEN AUTORES QUE SE PRODIGAN MENOS DEL QUE QUIXERAN OS LLECTORES. ÚN D'ELLOS É FÉLIX FERREIRO (VILALABA-LUGO, 1941). DEIXÓUNOS ÚAS PÁXINAS EMOCIONANTES HAIS SEIS ANOS, NEL NÚMERO 3 DE *Trabatel*, PARTINDO DAS SÚAS VIVENCIAS DE NENO NEL LLUGAR TARAMUNDÉS DE BRES, PRO NUN VOLVÉU PUBLICAR MÁIS NESTA LINGUA, AGÁ UN MICRORRELATO, «PRÓRROGA», PRAL VOLUME *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016). A SÚA TRAYECTORIA PERSONAL LLEVÓULO DA DOCENCIA ÁS RESPONSABILIDADES POLÍTICAS EN MATERIA LINGÜÍSTICA. AGORA, XA RETIRAO PROFESIONALMENTE, NUN ESQUEICE EL SOU GUSTO POLA LLITERATURA Y A FANTASÍA Y BRÍNDANOS UN RELATO BREVE QU'ESPLORA TEMAS Y TÉCNICAS CADA VEZ MÁIS FRECUENTAOS POLOS CREADORES EN GALLEGO-ASTURIANO.

FÉLIX FERRERO

—Neno, ¿imos levar a cotra reciclada a os contenedores del outro lao da carretera?, ¿si? Pois coye as bolsas y as caxas cua basura que guardamos na semana y saco el coche, que nel cuatrolatas ben nos entra. Vamos ver: el feixe de plásticos, si, cuas bolsas, y as caxas metémolas atrás tirando os asentos; cos vidros ten cuidao que nun rompan, que te podes cortar. Ta todo. Monta al meu lao. Finca ben as maos nel salpicadeiro del coche. Agárrate ben, qu'hai muitos baches y podo frenar y tu pegar contra el parabrisas. Imos cantando col runrún del motor. Xa chegamos á carretera: mira prá dereta, ¿vén coche?, ¿non? Pola esquerda miro eu, tampouco vén. Arranco.

*Eu acórdome d'un golpe tremendo que nos lanzóu y vimos muitas luces y garraos das maos volábamos y durmíamos y tábamos contentos. Eu vía a terra aló abaxo, nun me parecía a mía terra. Nun sentía el corpo y sentía el meu fiyo xunta min. Mui lonxe vía a mía casía y nun pensaba nela. Viaxamos muito pol aire, nun sei, porque eu nun respiraba, nun había aire, y el meu nenín iba al meu lao y ríase mirando pra min. Depóis nun m'acordo de máis. Pra min penso que durmín muito: todo taba mouro, todo era noite, y el vento soprábame nas oreyas y as abeyas del carbayo que daban al meu cuarto de neno roncaban y roncaban... , hasta parecía que me falaban... , y volvín á escuridá y todo era mouro mentres eu seguía volando. Condo puiden abrir os oyoos vin úa rapaza qu'abría úa persiana y entraba muita luz y facíame tapar a cara cua mao, y arrimóuse a min y cariciábame pra qu'espertase.*

—¿Únde tou? ¿Únde ta el meu nenín? Ah, ta na casa, ¡qué ben! Eu tou aquí nesta habitación con tanta luz, pro quero ver á mía muyer. ¡Oh, qué alegría que ta aquí y vai levarme á casa y ver el meu fiyín! ¿Cónto tempo levo aquí, amor? Xa nun t'acordas, entonces ten que ser muito, por eso teis xa úas arrugas nos oyoos; pro el neno ta na casa y quero que me leves deseguida pra xugar na tenda que fixemos nel mazaneiro veyo del prao, unde punxemos úa cocía y dúas camas, úa pra min y el outra pral meu fiyín; y a luz que fixemos cua linterna de petaca y a subidoira que sempre me ganaba subindo. Quero que me leves xa. Conduces mui ben este coche novo, que nun





é el cuatrolatas, ¡ah, xa, porque taba veyo! ¡Anda, anda!, apreta, que quero chegar depresa. Déixame correr prá cabana del mazaneiro, engarabito pola corda da subidoira, ¡cónto costa, carayo! Hola, fiyín, ¿tabas esperándome? Xa tía ganas de verte, pro tou mui cansao, e tu tamén me parez que ques durmir. Mira: esta é a mía cama; a túa ta pr'alí. Vamos durmir, vamos durmir...

*Eu sentía a mía muyer chorando abrazada al mazaneiro; ouguíanos falar. Quedábamos soñando condo marchóu prá casa. Y el meu nenín taba alí comigo y cónto me quería y as cousas qu'íbamos fer al outro día. Xelaba. Dinye as boas noites y díxenye qu'hoi nun iba roncar, ¡coño, qué frío fai! Garrámonos das maos y eu recordábaye que condo eu morrera xa ye sopraría nos oyo pra que soubera que taba xunta d'él.*

—Pá: xa tamos soprándonos os dous. Agora vamos soprarse á mamá, porque esta noite imos soprarnos os tres. ¡Qué ben!







LUCÍA IGLESIAS (TEIXEIRA, SAMARTÍN D'OZCOS, 1979) VAI LLABRANDO A SÚA VOZ COMO ESCRITORA ESPACIO Y CON XEITO, COMO OS FERREIROS DA SÚA TERRA TRABAYAN EL FERRO NA FRAUGUA. PRA COMPROBALLO ABONDA CON LLER AS SÚAS ÚLTIMAS CREAMOS LITERARIAS, EL MICRORRELATO «MADERA E FERRO» Y EL POEMA «AS SÚAS MAOS», PUBLICAOS RESPECTIVAMENTE NOS LIBROS COLECTIVOS *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016) y *Escritores asturianos* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2017). EMPEZÓU ESCRIBINDO Y PUBLICANDO PROSA AL AVEIRO DEL CONCURSO DE RELATOS ANTONIO RAYMUNDO IBÁÑEZ. ANQUE OS SOUS VERSOS SUARON NÚA CÁNTIGA DEL PRIMEIRO DISCO DEL GRUPO OS FOLKGAZÁIS, NUN FOI HASTA EL 2011 CONDO PUBLICÓU A PRIMEIRA MOSTRA ESCRITA, NA REVISTA *Trabatel*. DÉIXANOS AQUÍ TRES POEMAS D'ÚA SERIE SOBRE ÚA IDEA TAN EVOCADORA COMO AS FERRAMENTAS.

## A cuitela

Afilada voz sale dos tous brillos,  
déixame pasala pola fría auga pa que s'aparten os escuros  
que lle estorban.

Mollada, a cuitela brilla na noite pecha,  
recolle estrelas unde naide las atopara,  
saca á luz escenas con miradas que fuxen,  
aunque quixeran fundirse nela.

As estrelas,  
el río,  
el ameicer,  
as povisas xeladas das mañás de manta branca.

## *A legra*

Legrando, del verbo legrar,  
podando, del verbo legrar,  
resgando, del verbo legrar,  
....., del verbo legrar.

Así vai minorándose a onza de madeira color chicolate  
que teño entre as maos cuando marchas.

Así vai derretíndose cuando vexo  
que pasa un día  
e pasan dous,  
e máis.

As podas que saca a legra nun encaxarían nel taza outra vez,  
aunque quixeses apegalas.

Cuando volvas taréi aquí,  
pro nun seréi a mesma.

A legra afilada pasa,  
e nada volve ser como antias.





## *El tarabelo*

Retorcéndose mira de fito  
pa buscar outra saída,  
mais nun pode  
anque quixera escapar.

Nel fondo d'aquela lágrima  
arrasábaselle el día,  
con negrura  
aquela sombra esqueicíalle apartada.

Se eu podera axudarlle,  
berraría,  
pensando en alto,  
torcendo el mango que rozma, que resga.

Sentinlo como un tarabelo que nun acaba el labor a tempo.  
As voltas infinitas que daba  
sin medrar de volume, de largura.  
As voltas d'úa vida sin apazugar.









AURORA BERMÚDEZ NAVA (A CARIDÁ, 1965) FOI ÚA DAS PRIMEIRAS MAESTRAS DEL ASIGNATURA DE GALLEGO-ASTURIANO Y AXINA SE DECIDIÓ A FER LLITERATURA NESTA LINGUA. GANÓU NEL 2006 EL PREMIO XEIRA COL RELATO «TEMPO DE DOLOR», PUBLICAO EN *Máis letras novas* (XEIRA, 2010). AXUDÓU NUN CAMPO TAN POUCO TRABAYAO COMO A LLITERATURA INFANTIL EN GALLEGO-ASTURIANO COS LLIBROS *Como el can y el gato* Y *Un regalo máxico pra Irene* (PUBLICAOS RESPECTIVAMENTE NEL 2009 Y 2011 POLA SECRETARÍA LINGÜÍSTICA DEL NAVIA-EO, DEL ACADEMIA DA LINGUA ASTURIANA), ADEMÁS DE CUA TRADUCCIÓN D'*El Anguleiro. Soños de Navidá* (TRABE, 2013). EL ÚLTIMO QUE DEU A CONOCER EN NARRATIVA É EL MICRORRELATO «HISTORIA REPETIDA» NEL VOLUME COLECTIVO *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016).

TÉN ARTÍCULOS Y DALGÚS POEMAS PUBLICAOS NAS REVISTAS *Entrambasaguas*, *Lletres literariu* Y NEL SUPLEMENTO *Cultura de La Nueva España*. ANTOLOGADA NEL LLIBRO *Poética de Muxeres* (GRUPU ÉPONA, 2014), TAMÉN PARTICIPÓU COS SOUS VERSOS NEL VOLUME *Escritores asturianos* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2017). D'ESTA FACETA POÉTICA SÚA É DEL QUE NOS BRINDA AS SÚAS ÚLTIMAS CREACIÓIS.

## De prestao

Anecía a vida demostrándome,  
úa vez tras d'outra  
y nun se cansa nunca,  
a mía condición de pelegría,  
d'andarega que nun chega xamáis  
a un sito pra quedarse  
muito tempo.

Aneció eu tamén al desouguilla,  
pensando cada vez  
qu'ese porto podera ser seguro,  
ser el definitivo.

Y ella sempre me gana outra partida...  
rise de min,  
ponme delante úa meta,  
vou fendo como podo el recorrido  
y, al cruzalla, case sin darme tregua,  
volve a poñerme outra,  
volve, burllúa, a enseñarme outro camín  
pol qu'estos pés, meus probes,  
tein que seguir andando.

Llevamos as dúas tempo neste xogo,  
desafiándonos, mirándonos a os oyo.  
Ella, cua naturalidá que dá a esperencia,  
eu, cua resinación que dan os anos,  
y al cabo acepto, nun teño outro remedio,  
que nada hai seguro,  
que tou aquí en precario, de prestao,  
qu'ella pode sempre que se ye antoxe  
cambiallo todo con un refolón d'aire,  
poñer punto y final  
a esta partida y deixarme sin cartas,  
dicir sin avisar cualquiera día:  
¡Acabóuse el tou viaxe!



## *Remordementos*

Taba mediao decembre,  
era día 16 pra ser esautos,  
condo á morte, ou á vida, ye pintóu  
bon momento pra deixarnos sin ti.  
Pasóu xa máis d'un ano  
y nun m'avezo  
a ver qu'a vida sigue  
y tu nun tas,  
nun m'avezo  
a qu'a túa fruxe medre  
sin que tu podas vella,  
nun me resino  
a admitir que che roubaron  
outra segunda vida nesta vida.

Peró ademáis da rabia,  
del dolor polla vida que xa nun vas vivir,  
que che roubaron,  
lo que nun me perdono  
y me reprocho  
é el tempo que perdín  
de tar contigo.





## *El túnel*

¿Podes tu vencer esta inquietú  
que me vei carcomendo  
y me transforma en túnel,  
túnel valleiro y mouro,  
sin salida y sin xeito?

Nun podes, ben lo sei.

¿Podes acompañarme  
pr'atravesar el mundo,  
qu'os tous brazos se volvan  
puntales pral meu corpo?

¿Podes noite tras noite  
preparar úa amasada  
botándoye sin tasa  
coraxe y esperanza  
y, despós, arrogante,  
curarme as mancaduras,  
emplastecer el túnel  
pra que nun s'esborone?  
Porque podes, admírote.  
Por ser como es, quérote.






## *Lliberación*

Tu dices que la ques  
que chuchas el tarrén  
pol qu'ella pisa,  
que tas disposto a darye  
a vida entera,  
que sempre buscas  
pra ella lo miyor.  
Ella sinte que nun é  
máis qu'el espeyo  
da vida que tu ques,  
dos soños que tu teis,  
un froreiro qu'adorna  
el tou salón  
y nun ten vida máis alló  
da que tu, embelligo del mundo,  
teñas a ben prestarye.  
Nun pode máis...  
Fai tempo que s'afoga,  
que la afoga el tou amor pluscuamperfeito,  
ese que nun ye deixa decidir,

nin pensar, nin querer,  
nin escoyer siquera a roupa del roupeiro  
y a xente cua que pode botar un parzamique.  
Y por eso se vei,  
porque nun quer  
que de tanto querella  
pouco a pouco la mates,  
nun quer morrer d'incomprensión,  
de soledá contigo,  
hasta de medo,  
morrer col alma seca  
pensando que nun foi máis qu'un froreiro...  
Tu mintes condo dices que la ques,  
seguramente nun la quixiche nunca,  
ella dice a verdá: xa nun te quer  
y antias de nun quererse a ella tampouco  
vei deixarche un furaco nel salón.  
Pol ben de todos nun lo enchas outra vez,  
nun busques máis froreiros, que nun sabes  
lo qué tratar con frores.



## Un caso singular



ANDREA GONZÁLEZ GONZÁLEZ (VILARÍN, CASTROPOL, 1971), AL TEMPO QUE CUIDA DAS SÚAS ABEYAS Y DOS SOUS ARANDOS, TRABAYA CADALDÍA EL GALLEGO-ASTURIANO NEL SOU LLABOR PROFESIONAL COMO TÉCNICA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EL ANO PASAO DECIDIÓUSE A DAR EL SALTO Á CREACIÓN COL MICRORRELATO «Á CASÚA», PUBLICAO NEL LLIBRO *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016). COMO NUN QUER DEIXALLO ESFRECECER, APURRÍU PRA *Trabatel UN CASO QUE BEBE DA TRADICIÓN ORAL Y QUE RECOYE ESCENAS D'ESE MEDIO RURAL UNDE SE CRIÓU Y SIGUE VIVINDO*.

ANDREA GONZÁLEZ GONZÁLEZ

El vento de xeneiro sopraba frío y á neve costábaye marchar del todo dos picos, como se tuvese esperando por outra. Os camíós taban chíos d'auga y de lama y na corte namáis quedaba úa vaca ratina de cornos grandes y mirada asustada d'animal de monte.

El home mirábala esmolido y, pasándoye a mao pol lombo, díxoye:

—En mal día te pois de parto, Parda, col frío que fai y lo fraque que tas. ¡A ver se lougo acaba y nun hai problemas!

El rapaz chegóu lamar de contento; taba empezando a estudar veterinaria y tía ganas de practicar.

—Déixame mirala a min, bolito.

—Ta ben. Mírala tu, que teis qu'ir aprendendo. Vou coyela pol corno, que ta nerviosa y estraña, nun te vaya mancar.

Mentres el bolo tía por ela, el neno revisóu a vaca.

—Parece que ta ben colocada y son úas patas mui pequenas.

Y aprotetando un empuxón da vaca, tiróu un pouco y salíu úa cría escurridiza como úa truitía.

El bolo soltóu el corno y acercóuse mirar de cerca el bichín.

—¿Y esto? ¡É úa xatía, pro máis parez un conexo! É imposible que coa barriga que ten esta vaca traiga úa cría tan miuda. ¡Ten que ter outra! Volve mirala —díxoye al neno mentres acercaba a xatía a súa madre pra que la lambese y volvía agarrar el corno.

—¡Si, si, hai outra! —contestóu el rapaz emocionao.

Y, case al mesmo tempo que falaba, salíu outro bichín aparecido al primeiro.

El bolo acercóuse revisalo y arrastróulo hacía a madre y a ermá mentres anunciaba:

—¡Outra xatía! Son mui pequenas y a vaca ta mui fraque, nun sei se poderá crialas. A ver se polo menos se libra ben y nun enferma. ¡Faime ilusión, que nunca houbo xemelgas na casa! Túa abola vai quedar tola condo yo contemos. Vamos deixalas un pouco tranquilas, qu'a madre las lamba y despóis volvemos amomentalas.





Condo volveron despóis de contarye as novidades a abola, encontraron as xatías deitadías, igual que las deixaran. Eran tan miudas que nun podían nin levantarse. A madre taba mui inquieta y dolorida.

—Esta vaca nun ta ben, algo ye pasa —dixo el veyo— ¡Anda, neno, volve mirala!

El neno obedecéu y berróu emocionao:

—¡Outra, outra, bolo, hai outra!

Y al bocadín cayéu al tarrén outra cría pequenía como un conexo.

El bolo acercóuse vela.

—¡Outra xatía! ¡Mete medo! ¡Trillizas! Nunca tal me pasóu, nin nunca tal vin y mira que levo toda a vida entre el gao. ¡Manda carayo!, úa probe vaca del monte, fraque como un arañón, qu'empreñóu d'un toro normal, sin tratamentos de fertilidá nin cousa ningúa, trai tres xatías d'un parto.

Muita foi a ilusión. Condo yo contaron a abola pensóu que taban de broma. Os fiyos tampouco daban crédito.

As crías eran tan pequenas que nun tían rixo pra erguerse. A vaca nun daba leite, agotada pola debilidá y a fogaxe. Pro todo ten solución. Avisóuse a os vecíos, que veron ver el fenómeno, axudar y trager colestro conxelao pras pequenas, y chamóuse al veteriario, que medicóu a madre.

As xatías eran iguales, de tal xeito que pra nun confundilas poñéronyes un collar de color distinto a cada úa. A vaca foi recuperando cos cuidaos dos bolos y enseguida ye subíu el leite. Úa das pequenas nun quería nada máis que mamar de súa madre y como era mui cabezuda houbo que deixala; ás outras dúas dábanyes mamona, pro tamén chupaban algo da madre, que con tantas pequenas taba tan emocionada que nun sabía a quén mirar. Os bolos taban encantaos cuidando as súas pequenas, qu'enseguida piyaron forza y recuperaron vitalidá. Medraban ben, anque naceran tan miudas. Enseñaban as trillizas a todo el que chegaba y contaban aquela historia tan singular, contentos como se yes tocara a loteiría.









SER FIYA DEL POETA BUALÉS BENJAMÍN LÓPEZ TUVO QUE MARCALLA. QUIZABES POR ESO MARÍA TERESA LÓPEZ GARCÍA (BUAL, 1950) EMPEZÓU A INTERESARSE TANTO POLA LINGUA QUE FALABAN NA CASA Y A FELLA MATERIAL PRAS SÚAS PUBLICACIÓIS. RECOYENDO AS PALABRAS, COMO NEL SOU *Vocabulario de Bual y algúa cousa más* (2001); AS TRADICIÓIS Y A CULTURA POPULAR, EN *Cousas d'entointe pa pasado mañá* (2001); OU EL SABER GASTRONÓMICO, EN *Dende a llareira con señaardá* (2009). XA NEL SOU SEGUNDO LLIBRO INCLUÍA UN APARTAO CON POEMAS, VÍA QUE SIGUE ESPLORANDO Y DA QUE SON MOSTRA AS SÚAS COLABORACIÓIS NOS VOLUMES COLECTIVOS *Que nun se perda nel aire* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2016) y *Escritores asturianos* (GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2017). GÚSTANYE OS POEMAS CURTIOS Y CONCISOS, COMO ESTOS TRES QUE NOS APURRE PRA *Trabatel*.

### *Pasan os anos*

Cumpro anos,  
nin m'entero.  
Véxolo nas caras  
dos que condo  
eu naceron.  
Tán arrugados,  
veyos, acabados.  
Ellos venme  
igual a min.  
Ayer éramos nenos.  
Hoi somos bolos  
rodiados de netos.  
Todos andamos  
el mesmo camín.

## *Calla*

Nun m'atroulles  
con mentiras.  
Nun digas  
lo que nun ques dicir.  
Escuita  
antias de falar.  
Pensa un pouco  
lo que vas soltar.  
Lo dito  
nun se pode cambiar.



## *Promesas*

Como a noite  
que nos leva  
por paraxes esquecidos  
y reluman na memoria  
outros tempos xa vividos.  
Como esa noite zarrada  
que xa quedóu nel olvido,  
unde nos dixemos cousas  
que se foron derretindo  
como esa neve branca  
que se nos foi  
entre os didos.







A ESCRITORA KATE CHOPIN (1850-1904) DESTACA POLA SÚA MIRADA PENETRANTE NA PSICOLOXÍA DAS MUJERES NA SOCIEDÁ NORTEAMERICANA D'ÚLTIMOS DEL SIGLO XX. AUTORA DE BEN RELATOS CURTIOS AMBIENTAOS NA SOCIEDÁ SUREÑA D'AQUEL ENTONCIAS, EN 1899 ESCANDALIZÓU A MUITOS CRÍTICOS CUA SÚA NOVELA *El despertar* (*The Awakening*) PORQUE TRATABA PRECISAMENTE DE CÓMO A PROTAGONISTA IBA SAFÁNDOSE DOS CONVENCIONALISMOS IMPOSTOS SOBRE EL CONCEPTO DE MUJER Y DE MADRE NA NORTEAMÉRICA DEL SOU TEMPO.

BRINDAMOS AQUÍ A VERSIÓN EN GALLEGO-ASTURIANO DE XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ DEL RELATO DE KATE CHOPIN «HISTORIA D'UN HORA» («THE STORY OF AN HOUR»), QUE SE PUBLICÓU ORIXINALMENTE NA REVISTA *Vogue* EN 1894 COL TÍTULO DE «THE DREAM OF AN HOUR». NÉL APÚNTASE CON BEN XEITO NARRATIVO ESA IDEA D'ESPERTAR D'ÚA MUJER A UN MUNDO NOVO, CEIBE XA DAS ATADURAS QUE YE IMPÓN UN MATRIMONIO COL QUE NUN TA CONTENTA.

Sabendo qu'a señora Mallard padecía del corazón, púxose muito proco al darye as novas da morte del sou home.

Foi súa irmá Josephine quen yo dixo, con frases sin acabar y insinuacióis veladas que lo revelaban y escondían a medias. El amigo del sou home, Richards, taba tamén allí, al pé d'ella. Fora él quen taba na oficina del periódico condo recibiron as novas del accidente ferroviario y el nome de Brently Mallard encabezaba a llista de «mortos». Namáis dispuxera del tempo necesario pr'asegurarse de qu'era verdá con un segundo telegrama, y corra pra nun deixar que cualquiera outro amigo, menos prudente, dese aquellas novas tan tristes.

Ella nun escuitóu a historia como outras muitas mujeres la tein escuitao, con úa incapacidá paralizante d'acceptar el que significa. Botóu a chorar al instante, con un abandono repentino y violento, abrazándose á súa irmá. Condo el torbón de dolor acalmóu, marchóu pral sou cuarto, sola. Nun quixo que naide la seguira.

Había delante da ventá aberta un siyón grande y cómodo. Fundíuse nél, afogada por un esgarecemento físico que ye rondaba el corpo y pintaba chegarye al alma.

Podía ver na praza delante da súa casa os picos dos árboles trembando pola chegada había pouco da primavera. El alento prestoso del augua notábase nel aire. Embaxo, nel camín, un quincalleiro abenzuaba a súa mercancía. As notas d'úa cántiga que daquén cantaba acullú llonxe chegábanye apagadas y úa chía de gurrióis pirlaban nos augüeiros.

Bocadíos de célo azul asomaban aquí y alló por entre as nubes, que se xuntaban y amontúbanse úa derribas das outras nel oeste, delante da súa ventá.

Sentóu cua cabeza botada pra detrás, apoyada nel coxín del siyón, cuasemente sin moverse, agá condo un choro ye subía al gorgoleiro y la secudía, como un neno que choróu al ir deitarse y sigue chorando nos sous sueños.

Era nova, da cara guapa y tranquila, y as súas faccióis amostraban contención y un aquel de carácter. Pro os sous oyoos tían agora a mirada perdida, chantada llonxe, nún d'aquelloos bocadíos de célo azul. Nun era úa oyuada de tar pensando, senón que máis ben pintaba que quedara empabolada.





Había daqué que taba chegando a ella y aguardábalo con medo. ¿Qué era? Nun lo sabía, era demasio sutil y esquitón pra poñerye nome. Pro sentíalo xurdir axeitín del célo y alcanzalla al través dos sonidos, os aromas y el color qu'empapaban el aire.


El sou peto subía y baxaba violentamente. Empezaba a reconocer aquello que s'achegaba pra dominalla, y lluitaba con determín pra tornallo, tan froxamente como se lo fixera cuas súas maos brancas y delicadas. Condo se deixóu, dos sous llabios medio abertos escapóuse úa palabría. Marmuróula úa vez y outra: «¡Llibre, llibre, llibre!». A oyuada balleira y a espresión de terror que la precederan desaparecieron dos sous oyo, que taban argutes y rellumando. El pulso llatíayе rápido y el fluir del sangue trempaba y acougaba cada centímetro del sou corpo.

Nun paróu a perguntarse se aquella felicidad que la enchía era monstruosa ou non. Úa percepción clara y encesa deixábaye refugar esa posibilidade por trivial. Sabía qu'iba volver chorar al ver as maos cariñosas y froxas cruzadas na postura da morte; qu'a cara que sempre la mirara con amor iba tar inmóvil, cardoxa y morta. Pro, máis alló d'aquel bocadín amargo, vía úa fileira ben llarga d'anos por chegar qu'iban ser namáis d'ella. Y espurríu contra ellos os brazos abertos, acoyéndolos.

Nun iba haber a naide pral que vivir nos anos que taban por vir; iba vivir namáis pra ella. Nun iba haber ningúa voluntá poderosa que dobrase a súa con esa insistencia necia cua qu'homes y muyeres pensan que poden impoñer a súa voluntá propia a os demáis. A intención búa ou ruía nun fía qu'el acto ye pintara menos crime naquel bocadín curtio d'iluminación en qu'ella lo consideraba.

Y, a pesar d'esto, ella quixerálo, ás veces; outras non. ¡Pro qué máis daba! ¿Qué iba poder significar el amor, ese misterio por resolver, al pé d'este rixo d'autoafirmación que de repente reconocía como el impulso máis poderoso del sou ser!

«¡Llibre, llibre en corpo y alma!», seguíu marmurando.



Josephine taba arrodiyada delante da porta pechada, cúa boca apegada á pecheira, implorándoye que ye deixara pasar. «Louise, abre a porta, pídocho por favor; ábre-la, vaste poñer mala. ¿Qué tas fendo, Louise? Polo que máis quiras, abre a porta».

«Marcha. Nun me vou poñer mala». Non, taba empapada nel mesmísimo elixir da vida qu'entraba pola ventá aberta.

A súa imaxinación corría tolla por aqueles días estendidos delante d'ella: días de primavera, días de brao y toda clas de días qu'iban ser namáis d'ella. Baruyóu úa oración rápida pra qu'a vida fora llarga. ¡Se ayer mesmo pensaba con calofríos qu'a vida podía durar de máis!


Al cabo erguéuse y, vendo a insistencia de súa irmá, abríu a porta. Tía os ocos enfougaos y movíase sin sabello como úa diosa da Victoria. Garróu a irmá pola cintura y xuntas baxaron as escaleiras. Richards aguardábalas embaxo, de pé.

Daquén especheiraba na porta. Brently Mallard entróu, un pouco dexobao del viaxe, levando tranquilo el sou maletto y el paraguas. Tuvera llonxe del sito del accidente y nin sequera sabía que lo houbera. Quedóu de pé, pasmao pol berro penetrante de Josephine y el movemento rápido de Richards pra tapallo da vista da súa muyer.

Condo os médicos chegaron, dixeron qu'ella morrera del corazón, del alegría que mata.







FREDO DE CARBEXE: *Mourén dos fondaes / Penumbra de las hondonadas*  
ANDOLÍA, 2017.

## De volta al “Mourén”

Fredo de Carbexé, aunque xeógrafo de formación con traballos nel tarrén da súa especialidá, vén afanándose dende ben novo na creación literaria, en especial na poesía. Forma parte del peteiro de poetas da última xeneración das terras del Navia-Eo, asomeñados entre eles, sobre todo, por un tipo de poesía direuta, con poucas concesións a os aspectos formales pos tenden al verso libre, nel que poín por delante el ritmo interno sobre el esterno. Os recursos estilísticos tampouco forman parte del esmolemento d'estos poetas, se esceptuamos a personificación tanto da natureza como d'outros aspectos y valores da comunidá, qu'entran en diálogo coel propio poeta, compoñendo unha identidá comunal. Temáticamente, a natureza cos sous fenómenos metereolóxicos parece ter un peso decisivo nel xeito de sentir del poeta, qu'en moitas ocasións vólvese colectivo. Pódense encaxar estos poetas, con algún reparo, nos lindes del pesimismo romántico, común a outras literaturas.

Leva el noso autor publicados tres poemarios, *Mourén dos fondaes* (1996), *Soños de pellegrín* (2006) y *Fruxes da nebra* (2007). Os dous últimos, cuando los deu á imprenta, xa lo fixo en formato bilingüe; non asina el primeiro, qu'apareceu en edición monolingüe na fala autóctona. Agora, a editorial Andolía apúrrenos de novo *Mourén dos fondaes* en edición bilingüe. El qu'este libro primeiro tuvese escrito na lingua materna y outras razóns qu'iremos debuyando confirmannos qu'a traducción dos dous últimos fíxose da fala propia al castellano y non al rové, como ben puidera ser





tendo en conta que Fredo é bilingüe por nacemento e por formación. Pra él, escoyer o eonaviego pra produción poética de sou nun foi nunca un problema: primeiro, porque, como acabamos d'afirmar, é a súa lingua materna; e segundo, porque pola idade, cando quixo publicar, nun se viu obrigado a facelo en castelano como yes pasou a outros máis veyos, que, se nun escribían na lingua oficial, quedaban acantoados, nel miyor dos casos, en periódicos locais.

Pro pra ben entender por qué tirou por este camiño, a lo esperto temos qu'amecercer o sentir e o interese que Fredo nos demostrou sempre pola fala, como lo proba o que nas *Segundas sesións d'estudio del Occidente* presentou o patrimonio lingüístico de noso como o principal activo identitario do Navia-Eo, como *marca de calidade territorial* que ben podería desempeñar o papel de dinamizador da comarca. Nun pode, pos, estrañar que, quen isto pensa e defende, escoya nosa a fala como medio d'expresión pra tales obxetivos literarios.

Que Fredo volvese sobre este libro e nos ofrezca a tradución ao castelano é algo que ben sei que ye agradecemos todos. En especial aqueles que tein dificultade coa nosa fala, ben porque, aínda sendo falantes, tán de tal xeito castellanizados que palabras como *cofar*, *sésiga*, *atotar*, *esgarecer*, *caltrir* e tantas outras que s'atopan nos poemas d'este libro xa nun forman parte do seu léxico; ou ben porque a desconocen dafeito. Pra os que por unha ou outra razón dominan e tein interese nel eonaviego, resulta un xogo agayoso cotexar se a tradución feita polo autor dice coa que podese facer calquera de nosoutros. Sin entrar en detalles, ¿traduciríamos todos igual o título do libro? A partir d'ei, cada ún pode enredar por este camiño cuanto quira.


Qu'á versión en castelano teña feita polo propio autor descarta algunhos dos problemas que presentan as traducións en xeral e a poesía en particular. Hai que pensar que nestos casos tein menos sentido afirmacións tan pesimistas como as de Jakobson («a poesía, por definición, é intraducible») ou as de Robert Frost («a poesía é aquilo que se perde nas traducións»). Porque

o autor nun se queda en traducir palabra por palabra senón qu'él qu'én a transmitir tamén o sentimento, algo que nun ten que descifrar porque é o propio. Así pos, desaparecen os equívocos máis repetidos nas traducións: o contrasentido, o sinsentido e o falso sentido. Naide miyor qu'él propio autor, que domina dúas linguas, pra transmitir d'unha al outra a mesma forza e a mesma calidade estética. Isto nun quita pra qu'as veces nos precateemos de qu'algunhos versos tein máis forza expresiva nel texto autóctono que nel castelano. Por nun cansar con exemplos, basta botar unha oyuada ao poema «Ventoleira» que, penso, en castelano nun é quen a transmitir esa sensación de soledade, de proba, de veyez e de morte que ten o texto na nosa fala. Outras veces parece como se o verso en castelano perdese ritmo, algo que se nota en algunhos dos versos de «Xuntura». Todo isto, amecido a rimas que se perden —*suqueiro* rima con *eiro*, pro ao pasalo ao castelano, *surco* nun lo fai con *labradío*— ou a imáxenes que nun son duadas de traducir, confírmannos nel idea esperta máis enriba de qu'el texto autóctono foi primeiro qu'el castelano.

Por outra parte, a edición bilingüe d'este libro, como a dos outros dous, ben puidera levar a algunhas reflexións sociolingüísticas. Primeira, nun se busca unha rentabilidade económica, o premio nun pagaría o esforzo. Segunda, o emparezamento das dúas linguas proba qu'a lingua minoritaria ta tan capacitada como a hexemónica pra expresar esteticamente calquera tipo d'emoións. Terceira, a nosa fala goza d'unha riqueza creativa que ten valor por si mesma. De todo olo, pódese concluir que tamos na obrigación, e así lo entende tamén Fredo de Carbexa, de manter unha forma d'expresión qu'as xeracións foron apurrindo unhas ás outras con toda a súa grandeza e complexidade. As edicións bilingües, como esta, axudan d'un xeito especial a este labor.

JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR





VV. AA.: *Muyeres escritores. Antoloxía de textos n'asturianu y gallego-asturianu*  
GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS, 2017

## Femenino plural

Con motivo da XXXVIII Semana das Lletras Asturianas, a Consejería d'Educación y Cultura asoleyó nel mes de mayo un volume unde se recoyen os textos d'escritoras de todos os tempos —das pioneiras del siglo XVIII ás últimas xotas xurdidas al cultivo lliterario— qu'utilizaron ou utilizan na súa creación as llinguas propias d'Asturias.

Peró del que falamos nun é solo un llibro sobre as 92 muyeres antologadas. É un obra que sirve tamén de reconocimiento pra tantas outras que foron —ás veces sin sabello— a corporeidá d'úa lliteratura oral aneinada nel collo dos llabores cotidianos y el xermollo da lliteratura escrita qu'aquí s'ofrece. Poetas, prosistas, ensayistas y escritoras d'obras teatrales enféixanse asina cua corda da llingua materna, que toma a forma del asturiano ou el gallego-asturiano dependiendo del sito unde ouguiron as primeiras palabras.

Deixando a un llao as disquisicións acerca de se hai ou non un universo lliterario femenino, na llectura dos textos percíbese úa rede d'elementos comúis qu'inspiran ou atráin el atención das creadoras asturianas nos diversos xéneros. Son realidades que, como sucede nel resto de lliteraturas peninsulares, espéyanse núa búa polifonía d'estilos. Incluidas nel llibro y, concuayando perfectamente cuas demás autoras, atópanse as 13 qu'escriben en eonaviego, entre as que nun se cunta con dramaturgas nin ensayistas pol momento.

Nos relatos das escritoras antologadas, as voces narratives son mayoritariamente femeninas. En muitas ocasións intervén nel acción como protagonistas ou como espectadoras das súas vivencias con outros personaxes





(preferentemente parentes cercanos), fendo partícipes a os llectores d'esmolementos y cavilacións. É asina nas obras de narrador interno, como a de Belén Rico Prieto (A Veiga, 1959) que, mediante el anécdota del familiar que se ve obligao a deixar de llabrar patacas y decide entoncias inxertar mazueiros, reflesiona acerca d'esa capacidade d'adaptación «veya como el mundo» qu'os maiores practicaron con maestría y qu'hoi se vende como concepto novedoso: «Resiliencia, (ou as patacas)». D'outra parte, María Ángeles Rodríguez Montañés (Andés, 1975) ofrece en «No caminiñ de cemento» úa descripción cuase fotográfica d'úa casa en ruinas polla qu'el narrador protagonista anda engarabitaio en soños hasta qu'esconsona de sutaque col ruido del nordés.

Igualmente, abundan as historias de personaxes femeninos en terceira persona. É el caso de «Ameixas do sol», unde Aurora García Rivas (A Antigua, 1948) propón al llector, a través dos da neta y a bola, úa reflexión acerca das similitudes paradóxicas entre a infancia y a veyez. Outras veces, as autoras decántanse por personaxes con existencia invisibles que sufren as inxusticias (violencia de xénero, consecuencias da guerra. . .). En eonaviego, María Teresa Pasarín Arne (Avilés, 1967) amostra en «Chapeta» un pasao nel qu'os ricos exercían el poder y manifestaban el sou desprecio polos máis desfavorecidos que, anque probes, tían sentido da dignidá. Emma Méndez (Cartavio, 1973), con un tono máis llírico, fai nel relato «Maos vites» un homenaxe a esta parte del corpo. Espresa asina as distintas funcións que desempeñan en vida, el dolor experimentao ante a quietú das maos mortas del ser querido y cómo os sous xestos s'apropían d'outras maos, as heredeiras.

El grupo máis numaroso é el das poetas. Nestas composicións as voces llíricas tein tamén timbre de muyer y trasmiten —el máis das veces— a señardá pol paso del tempo, homenaxean a casa patrucia y a os de sou, rememoran úa infancia feliz nun *locus amoenus* desaparecido, recrean os pensamentos de mueres qu'históricamente romperon os moldes da súa época ou, sin máis, comunican as emocións que suscitan as esperiencias vitales: desarraigo, dolor pol desamor, esmolemento polla situación da llingua. . . Os

calces formales dos que se sirven son os da llírica máis tradicional nel caso das primeiras autoras y el verso llibre nel das máis actuales.

A primeira poeta en gallego-asturiano del antoloxía é —seguindo el orde cronolóxico proposto nella— a veigueña Ana Vior Díaz (1920-1998), que recrea nas coplas de «Noite de San Xuan» escenas costumistas das celebracións d'este día máxico y as tradicións —inda ben arraigadas— que tán xoncidas a él. Luisa Méndez Fernández (Valdeparés, 1938) espeya na súa composición, «Pechada», úa fonda decepción amorosa, mentres que María Teresa López García (Bual, 1950) aposta polla expresión del deseo d'úa llibertá na que poder fer realidá os soños, anque sía «A pedaciós». Polla súa parte, a franquía María José Fraga (1964) presenta en «Metamorfosis» úa voz poética femenina que se dole dos cambios que la fain —anque a mesma— outra distinta da que foi nun tempo evocao con señardá.


As distintas manifestacións da señardá son precisamente a temática máis recurrente na llírica en eonaviego d'esta selección. Con un poema que ten este asunto como título, a caridexa Aurora Bermúdez Nava (1965) rememora a felicidade d'úa infancia marcada polla presencia protectora da figura paterna, agora ausente. Pol mesmo tarrén transita Conchita Álvarez Lebedo (Vigo, 1970) en «De repente, ela». A súa voz poética especula acerca dos resortes que de sutaque train al momento actual as vivencias zarradas na memoria: un paisaxe y un olor son capaces de devolverye el recordo del camín hacia a playa, agarrada á mao da madre. Finalmente, é tamén a señardá lo qu'inspira a Lucía Iglesias (Teixeira, 1979), que col poema «As súas maos» quer homenaxear as de súa madre, descubertas cada día nas propias al fer os llabores cotidianos.

Al cabo, el motivo del poema qu'escoye Ana Vega (Uviéu, 1977) pra participar nesta antoloxía, el orgullo que sinte al evocar el orixe da súa fruxe, pódese comparar cua satisfacción que proporciona a os llectores el séremos testigos d'un panorama creativo tan rico y diverso na lliteratura femenina asturiana.

RUTH GONZÁLEZ RODRÍGUEZ







VÍCTOR PINTADO REY: *Un tronquín bullicego. Tempo de Navidá*

TRADUCCIÓN DE MIGUEL RODRÍGUEZ MONTEAVARO  
TRABE, 2016

## *De queimar, miyor nun falar*

¿Unde se víu un taruco qu'escapase del lume como alma que leva el demo? Si, si, como lo tas lendo. Da mao del avilesín Víctor Raúl Pintado Rey, *Vitu*, y traducido por Miguel Rodríguez Monteavaro, chéganos a hestoria d'*Un tronquín bullicego*, un obra qu'amecer á literatura infantil escrita en galego-asturiano.

Neste caso, hai que falar tamén d'Alberto Álvarez Peña, encargao das ilustracións que, sin duda, solo con botaryes úa oyuada convidan a nenos y non tan nenos a meterse nel relato; de Xosé Antón Fernández *Ambás*, Ramsés Ilesies Fernández, David Guardado Díez, Maruja del Regueiro, Pepín de Muñalén y Daniel Carballo Penelas, todos ellos colaboradores na versión eonavega del conto.

*Un tronquín bullicego* vén pr'achegar a os máis pequenos al conocimiento y recuperación axeitada al s. XXI d'úa tradición presente en dalgúas zonas d'Asturias: a queima del *natarego* ou *nataliegu*, un tronco de carbayo que se queimaba na lareira a noite de Noitebúa y que tía que durar hasta el día de Navidá. Pola mañá os nenos y nenas apañaban algús dos tizóis que quedaban y guardábanse como símbolo de búa sorte.

Tamén se recoyen nel libro outras costumbres asociadas al tempo de Navidá, como poden ser os bolos del Natarego, os Ramos, a figura del Anguleiro ou as fogueiras de Navidá que se citan nel Romance de Galancina.

El conto ten un claro enfoque didáctico y ta pensao pra ser trabayao nas escolas. Proba d'elo é el última parte del libro, unde se plantea el aprendizaxe de vocabulario



ademáis de recetas, dibuxos y outras cuestións específicas relacionadas col relato.

Os protagonistas d'esta hestoria son Mel, un maestro de Galego-Asturiano que sempre ta buscando cousas chamadeiras que levar al aula, y Xamía, a encargada de cuntarnos lo que pasóu con este tronquín tan particular. Tamén imos atopar a lo largo da hestoria a Lluca, súa bola, os padres de Xamía y a directora da escola.

Pra qu'a culpa nun quede solteira, podemos botarya a Mel, el encargao de levar á escola de Xamía y Lluca al bon del taruco, qu'en vez de tarse quieto y sin moverse, cada vez qu'escuita a palabra *queimar* amaña un bon bacotexo: bota a rodar escaleiras abaxo, rompe as ventás del coche, baxa da tarima del encerao y tira todas as mesas del aula... ¡Nun ten acougo!

Peró por eso de qu'a curiosidá matóu al gato, nun vou ser eu quen vos cunte cómo acaba esta hestoria. ¡Vosoutros sodes os encargaos de descubrir que pasa col Natarego!

Por certo, el gato morréu sabendo.

VANESSA PÉREZ VILLALMARZO











EXEMPLAR DE BALDRE



GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS

CONSEYEIRA D'EDUCACION Y CULTURA